



Henrique Alvarellos, director de Alvarellos Editora, na sede da editorial. Foto: Xacobe Neto

“Recuperamos un documento sonoro inédito de Novoneyra do ano 1982”

ALVARELLOS EDITORA FOI UNHA DAS CREADORAS DE EDITORES DE COMPOSTELA

→ Henrique Alvarellos é o director de Alvarellos Editora, unha empresa cultural que iniciou a súa andaina na cidade de Lugo nunha primavera de 1977. Galicia vivía daquela un segundo Rexurdimento das súas letras e nese intre o polifacético Enrique Alvarellos Iglesias, -pai do hoxe director- decidiu poñer en marcha o seu novo proxecto editorial. Hoxe Alvarellos Editora posúe un catálogo de máis de sesenta títulos, con coleccións que recibiron nos últimos cinco anos varios premios como é o caso da Colección Rescate, mellor obra editorial galega de 2008, ou a colección de gastronomía A lume lento, cuxo primeiro volumen '45 recetas con ortigas' obtivo en 2006 dous premios Gourmand (os 'Oscar' dos libros de gastronomía), e o segundo '50 recetas con filloas', foi premio Álvaro Cunqueiro.

- ¿Cómo definiría á liña editorial de Alvarellos Editora?

- O noso 'buque insignia' é a Colección Rescate, da que xa levamos editados 12 tomos dende 2005, cando recuperamos artigos gastronómicos e de viaxes de Álvaro Cunqueiro. Esta colección recupera a obra inédita, esquecida ou dispersa de grandes autores galegos. Estes días saíu á venda o audio-libro 'Tempo de Elexía' co que quixemos sumarnos á homenaxe a Uxío Novoneyra e nel aparece un recital inédito e íntegro (un documento sonoro de 25 minutos) que o poeta

ofreceu en Lugo en 1982. A profesora de Teoría da Literatura da UDC Olivia Rodríguez é a directora da Colección Rescate desde este ano.

- ¿Qué outras coleccións tedes?

- Tocamos outros "paus" como os libros de gastronomía, ensaio, facsímiles... Pero non somos unha editorial xeralista, publicamos moi pouca novela contemporánea por exemplo. Penso que é bo especializarse.

- Aínda que sodes unha editorial que naceu en Lugo, ¿xa traballades desde Santiago dende hai anos, non?

- Dende hai cinco anos. A editora naceu en Lugo en maio de 1977. Gústanos definirnos como editorial galega (e somos unha das máis veteranas, que non é pouco, neste feble mundo das editoras familiares). Ademais, curiosamente, a rúa onde temos a nosa nova sede en Santiago chámase 'Sempre en Galiza'. O que si traballamos é un

>>>Na vindeira Feira do Libro de Santiago haberá un 'stand' monográfico sobre Compostela<<<

>>>O buque insignia de Alvarellos Editora é a súa Colección Rescate, da que leva editados 12 tomos<<<

importante fondo de catálogo compostelán, moitas veces en colaboración co Consorcio de Santiago e mesmo co Concello. Un dos últimos libros que publicamos foi a primeira 'Guía verde de Santiago' ou os artigos esquecidos do historiador López Ferreiro polo seu centenario

- A Feira do Libro de Santiago terá este ano unha novidade importante dos Editores de Compostela...

- Efectivamente. Estaremos presentes, por vez primeira, cun 'stand' monográfico con títulos só de Santiago, xunto con outras dúas editoras da cidade, Sotelo Blanco e Positivas. Creamos un grupo de traballo denominado 'Editores de Compostela'. É unha iniciativa novidosa para as feiras do libro e coído que interesante, porque permite neste caso máis de 60 títulos sobre Santiago nunha soa caseta da feira, e moitos deles ao mellor son difícilmente atopables noutras canles.

- ¿Qué proxectos inmediatos ten?

- As próximas publicacións serán o primeiro tomo da 'Guía secreta da gastronomía galega' escrito polo profesor Martín Álvarez e dedicada á provincia de Ourense. Tamén editaremos un novo número da revista 'Arraianos' centrado na idea de fronteira e unha novela moi curiosa e atractiva do artista lisboeta Leonel Moura titulada '30 gramos' sobre o mundo da arte moderna máis subversiva. **J. M. R. Domicilio:** R/Sempre en Galiza, 4 - Praza - 15706 Santiago **Teléfono:** 981 522137 **Web:** www.alvarellos.info **E-mail:** correo@alvarellos.info